



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2022/E001/000047

## ANUNCIO NÚM. 2

### **Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de arquitecto/a, do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022).Estabilización do emprego temporal**

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de **arquitecto/a** do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante a Resolución núm. 623/2024, do 1 de abril (2024/G003/000655) do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, adoptou na súa sesión do 17/04/2024 e de conformidade coa base sétima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOP da Coruña núm. 231, do 07/12/2022) e da base sexta das bases específicas para a cobertura dunha (1) praza de arquitecto (BOP da Coruña núm. 1, do 02/01/2023), os acordos que se reflicten na acta da sesión.

O anuncio do resultado da valoración provisional estivo exposto desde o 02/05/2024, durante o preceptivo prazo, a teor das bases. Durante o prazo de alegacións concedido consta presentada unicamente a seguinte alegación:

- Alegación de Xosé Manuel Couceiro López, con data de rexistro de entrada do 09/05/2024 (RE núm. 202499900001833)

Na segunda sesión, que tivo lugar o 15/05/2024, o órgano de selección advirte a existencia dun erro **aritmético** no cadro resume da puntuación outorgada ao aspirante Xosé Manuel Couceiro López no apartado de formación, xa que se consignan 8,145 puntos, cando **corresponden 8,625 puntos**, como se reflicte no total dos méritos.

Nesta segunda sesión o órgano de selección procedeu ao estudo da alegación presentada polo aspirante co fin da súa resolución, acordando o que se dirá, partindo dos seguintes datos:

Ao aspirante concernido fóronlle valorados os seguintes méritos:

Experiencia profesional: 11,617 puntos, segundo o seguinte detalle:

- Servizos prestados ao Concello de Santiago de Compostela: 40,10 meses x 0,17 puntos/mes= 6,817 puntos

- Servizos prestados na empresa privada (Consortio de Santiago): 48 meses x 0,10 puntos/mes = 4,80 puntos

Formación:

Cursos recibidos ou impartidos por un total de 287,5 horas x 0,03 puntos/hora = 8, 625 puntos



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

**Total concurso: 20, 242 puntos.**

No escrito presentado o aspirante alega, en síntese, o seguinte:

A) No referido aos servizos prestados na empresa privada, tanto por conta propia como por conta allea, que serían puntuados a razón de 0,10 puntos por mes, sinala que lle corresponden **20,70 puntos, e que estes constan suficientemente xustificados e acreditados a teor das bases, texto que reproduce parcialmente e de forma fragmentaria. A base 7.2.1.a) das reitoras da convocatoria, que invoca, indica que “...se os servizos se prestaron por conta propia, acreditaranse coa alta no epígrafe do IAE que se corresponda coa categoría laboral de que se trate (e actualización), así como as facturas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados, ao que se acompañará certificación da vida laboral acreditativa dos ditos servizos expedida polo órgano competente da seguridade social, ou de ser o caso, certificación da mutualidade profesional que corresponda.”**

Na primeira sesión do órgano de selección fixouse o criterio, que consta na acta da sesión e foi reproducido *ut supra* que indica:

“b) O tribunal non procede a valorar aqueles servizos do subapartado a.3) da base 6.2.1) das que rexen na convocatoria naqueles casos nos que non se poden cuantificar en unidades de tempo, pola insuficiencia de acreditación.”

Este criterio aplícase por igual a todas as persoas aspirantes e, así, constatouse que as certificacións da *Mutualidade de Arquitectos Superiores y Químicos* consignan determinados importes económicos cuxa equivalencia en períodos de desempeño profesional non é posible establecer se non se complementa con máis documentación, que non foi achegada en ningún dos casos.

E o mesmo ocorre cos períodos de alta no IAE, situación de alta que non acredita, por si só o efectivo desempeño da profesión de arquitecto/a e a súa duración. E outro tanto acontece cos contratos asinados para a realización de proxectos, pois non se pode establecer de xeito inequívoco a súa duración.

Aceptar as alegacións do aspirante suporía establecer un trato diferenciado, facendo de peor condición ás demais persoas aspirantes e, en definitiva, incorrer en arbitrariedade.

O tribunal posúe a facultade de interpretar as bases naqueles extremos que o desenvolvemento do proceso selectivo o fagan necesario.

Malia o anterior, o tribunal examina a puntuación outorgada ao aspirante polo desempeño na empresa privada e constata o seguinte:

- Que prestou servizos no Consorcio de Santiago durante 3 anos e 10 días (36,333 meses), que a



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

razón de 0,10 puntos/mes equivalen a **3,633 puntos**.

- Que, segundo o certificado de vida laboral (régime xeral) prestou servizos á Consellería de Agricultura en distintos períodos por un total de 364 días (12,133 meses), o que supón unha puntuación de **1,213 puntos**.

Polo tanto a puntuación polos servizos prestados na empresa privada queda establecida en **4,846 puntos**.

A **puntuación total** por experiencia profesional queda fixada en **11,663 puntos**, segundo o seguinte detalle:

- Concello de Santiago de Compostela: 40,10 meses x 0,17 puntos/mes: 6,817 puntos

- Servizos na empresa privada: 4,846 puntos

B) No apartado de formación o aspirante presenta unha relación por un total de 289,5 horas, pero 2 horas corresponden ao curso consistente no relatorio “O arquitecto nas axudas á rehabilitación de edificios”, organizado polo COAG (Santiago de Compostela, 2021).

Este curso **non foi valorado**, por non constar no certificado a súa duración, pois a base xeral 7.2.1.b) esixe que conste o número de horas ou créditos.

Polo tanto, a puntuación por formación queda establecida en **8,625 puntos** (287,5 horas x 0,03 puntos/hora).

Por todo o indicado e consonte o prescrito na base novena das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos de persoal incluídas na OEP-E 2022 para a estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), e a base novena das bases específicas reguladoras da convocatoria para a cobertura dunha praza de arquitecto/a, (BOP núm. 1, do 02/01/2023), o órgano de selección, **acorda:**

“**Primeiro.**

a) **Estimar parcialmente** a alegación presentada por Xosé Manuel Couceiro López, no relativo aos méritos por experiencia profesional e, na súa consecuencia, establecer a seguinte puntuación:

A **puntuación total** por experiencia profesional queda fixada en **11,663 puntos**, segundo o seguinte detalle:

- Concello de Santiago de Compostela: 40,10 meses x 0,17 puntos/mes: 6,817 puntos



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

- Servizos na empresa privada: 4,846 puntos

b) **Desestimar** a solicitude de revisión da puntuación no apartado de formación.

**Segundo.** Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de unha (1) praza de **arquitecto/a** do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E-2022), co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Candocia Acción, Marta	30	20	50
Couceiro López, Xosé Manuel	11,663	8,625	20,288
Cornide Petronio, Guadalupe	30	8,34	38,34
Domínguez Tedín, María Meibel	30	20	50
González Truque, Edmundo	30	20	50
Magdalena Nogueira, José	18,307	0	18,307
Mosquera Amado, Manuela	18,29	20	38,29
Rodríguez Geadá, María Carmen	9,01	20	29,01

**Terceiro.** Proceder a dirimir o empate entre as tres persoas aspirantes con maior puntuación, segundo a orde establecida na base oitava das bases específicas reguladoras do proceso selectivo, no que resulta, conforme á base 6.2.1.a) que Edmundo González Truque acredita servizos prestados no Concello das Pontes de García Rodríguez como arquitecto/a, mentres que María Candocia Acción e María Meibel Domínguez Tedín non acreditan ter prestado servizos ao Concello das Pontes de García Rodríguez, resolvéndose o triplo empate a prol do aspirante **Edmundo González Truque**.

O duplo empate entre as outras aspirantes cómpre resolvelo a favor de María Meibel Domínguez Tedín, que acredita un total de 42,33 puntos por servizos prestados noutras administracións públicas e Marta Candocia Acción 30,044 puntos polo mesmo concepto.

En consecuencia, a a orde final das persas aspirantes do proceso selectivo queda como a seguir se indica:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
-----------	-------------------------	-----------	------------------



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

González Truque, Edmundo	30	20	<b>50</b>
Domínguez Tedín, María Meibel	30	20	<b>50</b>
Candocia Acción, Marta	30	20	<b>50</b>
Cornide Petronio, Guadalupe	30	8,34	<b>38,34</b>
Mosquera Amado, Manuela	18,29	20	<b>38,29</b>
Rodríguez Geadá, María Carmen	9,01	20	<b>29,01</b>
Couceiro López, Xosé Manuel	11,663	8,625	<b>20,288</b>
Magdalena Nogueira, José	18,307	0	<b>18,307</b>

**Cuarto.** Declarar que **Edmundo González Truque**, con DNI \*\*\*7404\*\*, superou o proceso selectivo convocado para a cobertura, mediante **persoal laboral fixo** de unha (1) praza de **arquitecto/a**.

**Quinto.-** **Propoñer** á Concellería-Delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos a **contratación** de **Edmundo González Truque**, na categoría de **arquitecto/a**, do cadro de persoal laboral fixo do Concello das Pontes de García Rodríguez.

**Sexto.-** De conformidade co establecido na base novena das bases xerais, establécese a seguinte **relación complementaria** por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes finalistas do proceso, pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poderen ser nomeadas en caso de renuncia antes da contratación ou imposibilidade de incorporación da persoa inicialmente proposta, de acordo co provisto no artigo 68.1 do TRLEBEP:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Domínguez Tedín, María Meibel	30	20	<b>50</b>
Candocia Acción, Marta	30	20	<b>50</b>
Cornide Petronio, Guadalupe	30	8,34	<b>38,34</b>
Mosquera Amado, Manuela	18,29	20	<b>38,29</b>
Rodríguez Geadá, María Carmen	9,01	20	<b>29,01</b>
Couceiro López, Xosé Manuel	11,663	8,625	<b>20,288</b>
Magdalena Nogueira, José	18,307	0	<b>18,307</b>

**Sétimo.-** En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

de persoal laboral incluídas na OEP-E (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), **publicar** un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez, así como na páxina *web* municipal.

**Oitavo.-** A persoa aspirante proposta deberá **presentar na sede electrónica do Concello** das Pontes de García Rodríguez, **no prazo máximo de 20 días hábiles**, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios electrónico do concello, **a seguinte documentación:**

- a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- b) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- d) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

(...)”.

Contra os actos do órgano de selección poderán interpoñerse os recursos que procedan segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Documento asinado polo secretario do órgano de selección, José Manuel Cabarcos Anca, na data da sinatura dixital.